

GUÍA FAMILIAS PROTOCOLOS COVID

CURSO 2020 – 2021

Durante esta difícil etapa na que nos atopamos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo do centro escolar. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer a súa disposición os medios dos que dispoñemos para que seus fillos/as teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.

No verán estivemos traballando no protocolo para garantir a seguridade dos deus fillos, pero non sabemos como vai evolucionar a pandemia, polo que pedimos especial atención ás comunicacións que lles iremos enviando. **A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais de información** e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaíamos incluíndo nela. Ademais, vostedes recibirán avisos importantes e comunicación a través de **ABALAR**, polo que é convinte que o teñan instalado **TODAS AS FAMILIAS**. Existen vídeos tutoriais na páxina da Xunta de Galicia: www.edu.xunta.gal/espazoAbalar

A Dirección e o persoal do Centro estará a súa disposición, durante todo o curso escolar, en horario lectivo, para resolver ou aclarar as súas dúbidas. Os teléfonos e o correo electrónico do centro son:

TELÉFONOS: 881 880 881 - 881 880 882 –

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es

Durante este curso as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel. Se teñen que recoller ao seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro. Apelamos á responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos do Centro.

COMEZO DAS CLASES.

O curso escolar comezará o 10 de setembro. A incorporación dos alumnos será gradual:

XOVES 10: Virán os alumnos de:

- 4º de Educación Infantil (3 anos), segundo o horario do período de adaptación.
- 5º de Educación Infantil (4 anos). Horario de 9.00 horas a 14. 00 horas.
- 1º, 2º e 3º de Educación Primaria. Horario de 9.00 horas a 14.00 horas.

VENRES 11:

- 6º de Educación Infantil. Horario de 9.00 horas a 14.00 horas.

- 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Horario de 9.00 horas a 14.00 horas.

O VENRES 11 ESTARÁ TODO O ALUMNADO NO CENTRO

ANTES DA CHEGADA AO CENTRO

Para a detección precoz da enfermidade no alumnado, deberán realizar, ante da chegada ao centro, unha autoavaliación dos síntomas (será explicada polo titor/a do seu fillo/a) a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección pro SARS-COV-2. Se vostede contesta afirmativo a alguna das preguntas deste test deberá, inmediatamente, chamar ao seu centro de saúde e avisar ao colexio. O/a alumno/a non acudirá a clase.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-COV-2 nun alumno/a durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu médico que valorará a solicitude dun test de diagnóstico.

Se alguna persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID19, os menos e nenas ou o persoal do centro que convivan con **elas NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.**

CHEGADAS, RECREOS E SAÍDAS DO CENTRO

Entradas: Cando o alumnado chegue ao centro, entrará pola porta que lle corresponda, para dirixirse ao seu patio e facer a fila correspondente. Non se permitirán xogos, neste período, e a familia non poderá acompañalo.

Poderá acceder ao centro dende as 8:50 horas.

PORTALÓN AUTOBUSES	CANCELA PATIO INFANTIL	CANCELA SUSA
TODO O ALUMNADO TRANSPORTADO E ALUMNADO 1ºs e 2ºs CASA	ALUMNADO INFANTIL CASA	ALUMNADO 3ºs, 4ºs 5ºs e 6ºs CASA

Recreos.- Temos previstas dúas quendas de recreo, con espazos limitados por cursos.

Saídas.- Serán escalonadas. O alumnado que non quede no comedor sairá polas portas asignadas, acompañados sempre por un profesor/a.

NIVEL	HORA	PORTA
3 anos	13:45	PORTALÓN AUTOBUSES
4 anos	13:45	CANCELA PATIO INFANTIL
5 anos	13:50	CANCELA PATIO INFANTIL
1ºs	13:50	PORTALÓN AUTOBUSES
2ºs	13:55	PORTALÓN AUTOBUSES
3ºs	13:45	CANCELA SUSA
4ºs	13:50	CANCELA SUSA
5ºs	13:55	CANCELA SUSA
6ºs	14:00	CANCELA SUSA

Comedor escolar.- Neste curso, empregarán este servizo o alumnado usuario lexítimo de transporte escolar. Será o alumnado que viva nas seguintes parroquias:

- A) Parroquia de Barbeiros: lugares de A Aldeña, Os Baltares, Vieites, Coruxo, O Cruceiro, Fondo da Aldea, Os Lagos, O Loureiro, Mandaios, Meixonfrío, Os Pardos, Pedrouzos, Peñasco, O Pino, Ramil e O Uzal.
- B) Parroquia de Beán: lugares de Cercedo, Nouche, A Hermida, A Poza, Vilasuso. Aldea de Abaixo, Fonte da Viña, A Igrexa, Pontellos, Regueira e O Souto.
- C) Parroquia de Buscás: A Rúa, Aruxiña, Carballedo, Esmorís, O Monte, A Pereira, As Pombas, A Ponte, Os Ramos, A Tiopeira, Trabes, Vilariño, O Verdeal, A Gorita, e vivendas próximas.
- D) Parroquia de Lesta: lugares de Abeneiros, A Agrela, Agromaior, A Altiboia, O Camiño, O Couto, A Cruz, Del, A Igrexa, Os Ameneiros, O Pazo, As Pereiriñas, Vilagudín, Xermiñas.

- E) Parroquia de Parada: lugares: A Agrela, Carballeira, Castenda, O Castro, Cestaños, A Edreira, A Estación, Fontenlas, O Pazo, Ponte Quinín, Rebordelos, O Rego e O Valiño.
- F) Parroquia de Pereira: lugares de Carabelos, O Carballo, A Casanova, A Igrexa, O Espiño, Folgoso, Guindibó (as vivendas ubicadas antes do río, en dirección Pereira Ordes), A Lamela, Ludiño de Arriba, Ludiño de Abaixo, O Mendo, Pecén, A Rúa, e Soutozar.
- G) Parroquia de Poulo: lugares de Blanca, A Calle, A Costa, Lavandeira de Abaixo, Lavandeira de Arriba, O Outeiro, Pardiñas, O Piñeiro, e A Senra.
- H) Parroquia de Santa Cruz de Montaos: lugares de A Albariña, Carrás, Castrelo, O Piñeiro, Porta dos Condes, Queis, Fosado, A Chan, A Costa, A Igrexa, A Sobreira, Vixide e Guindibó (as vivendas ubicadas antes do río, en dirección Montaos Ordes).
- I) Parroquia de Marzoa (Oroso).
- J) Parroquia de Ordes: Sar, Merelle, Mesón de Deus, Reboredo, Vilaverde e O Conde.

MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO

Todo o alumnado do centro deberá vir provisto de máscara e unha de reposto, co nome posto, así como unha bolsiña ou caixa para gardar a máscara durante o momento de merenda e/ou comida (tamén co nome).

En **EDUCACIÓN PRIMARIA** é obrigatorio o uso da máscara. Nas aulas, o alumnado estará situado de forma individual mantendo distancia e non poderán compartir material.

En **EDUCACIÓN INFANTIL** será obrigatoria a máscara nas entradas/saídas e recreos.

CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS QUE IMPIDAN O USO CONTINUADO DA MÁSCARA.

Se existise algunha circunstancia especial que impida que seu fillo teña posta a máscara durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ao titor/a; esa

comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico. No caso de que o alumno non poida facer uso da máscara, o centro tomará medidas especiais.

FAMILIAS NO CENTRO.

Como xa dixemos anteriormente, non se permitirá a permanencia no centro das familias, mentres dure a pandemia.

Para a realización de trámites administrativos, o horario é o seguinte: de 09:30 horas a 11:00 horas e de 12:40 a 13:30 horas. Non se atenderá fóra deste horario.

Para as reunións co Orientador, as familias poderán solicitar unha cita chamando ao teléfono do centro o no seu correo electrónico.

CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO.

Nas primeiras semanas de curso, o alumnado recibirá formación para traballar coa Aula Virtual.

Tamén teremos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa. No caso dun novo confinamento, tentaremos de atopar unha solución.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN E COMPRENSIÓN

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP “ A.D.R. CASTELAO “

Rúa Paraíso s/n
15680 Ordes (Santa María)
☎ conserxería 881 880 883 secretaría 881 880
✉ ceip.castelao.ordes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcastelaordes/>
